

Fundación La Caixa Convocatoria de Investigación en Saúde

SEGUNDA EDICIÓN PROXECTOS INVESTIGACIÓN EN SAÚDE

■ Información da convocatoria:

<https://obrasociallacaixa.org/es/investigacion-y-becas/convocatorias-de-investigacion/convocatoria-de-investigacion-en-salud/descripcion-del-programa>

■ Obxectivo:

A Fundación Bancaria "La Caixa" lanza a segunda edición da convocatoria de proxectos de investigación en biomedicina e saúde que ten por obxectivo identificar e impulsar as iniciativas máis prometedoras, de maior excelencia científica e con máis valor potencial e impacto social, xa sexa en investigación básica, clínica ou traslacional.

Esta nova convocatoria contará cun orzamento máximo de 15.000.000 euros.

Poderanse presentar á convocatoria proxectos liderados por investigadores de universidades e centros de investigación sen ánimo de lucro que se realicen en España ou en Portugal.

■ Resumo:

- **Prazo Presentación Solicitudes en "Fundación la Caixa": 15/01/2019, ás 14 h (Hora Peninsular)**
- **Prazo de solicitude na OIT da autorización "Host Institution Statement ", 27 /12 2018**
- **Duración:** Preferiblemente, os proxectos deben ter unha duración de 3 anos e débense desenvolver entre setembro de 2019 e setembro de 2022. A duración máxima serán 3 anos.
- **Tipos de axudas:**

Individuais: presentadas por unha única institución de investigación (institución solicitante). Poden recibir axudas de ata un máximo de 500.000 €.

En consorcio de investigación: presentadas como mínimo por dúas institucións de investigación e coordinadas pola institución solicitante. Poderán recibir axudas de ata un máximo de 1.000.000 €.

Nesta convocatoria, a diferenza da anterior, non é necesario que a universidade acredite aos investigadores, polo que poden darse de alta na aplicación por si mesmos. Independentemente do tipo de axuda que se elixa, será necesario que o vicerreitor de investigación asine unha autorización: "Host Institution Statement ". Para xestionar esta sinatura, aquelas persoas interesadas deberán poñerse en contacto vía correo electrónico co Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+d (mariajose.enriquez@usc.es) **antes do 27 de decembro de 2018**. Tendo en conta que é necesario un tempo prudencial para que o investigador suba os datos do seu proxecto, pregamos que nos informen do seu interese á maior brevidade posible.